

Os que non somos mariñeiros

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Podería dicir que me sinto solidario coas mariscadoras e mariñeiros, ós que a marea negra roubou a posible fartura, transformándoos en pensionistas anticipados e de futuro incerto. Podería afirmar que comparto o desacougo dos carpinteiros de ribeira, dos transportistas, dos ruleiros, dos propietarios de casas de comida, dos camareiros, dos encargados da carnada, dos provedores de xelo, das mulleres da fábrica de conserva, das redeiras, da vendedora de peixe, do xubilado que completa o subsidio co mar, do sen papeis que só vive do mar, dos propietarios da tenda de efectos navais, do constructor de caixas, do fabricante de folla de lata, do vendedor de emisoras de FM, da recollidora de argazo, do instalador de GPS, do mecánico, do pintor, do bateiro, da parella que soñaba con montar na aldea unha casa de turismo rural, dos que xa abriran a casa de turismo rural. Podo asegurar que son cómplice dos que demandan apoio para os afectados. Esa solidariedade, esa complicidade que sinto e que afirmo, sen dúbida son certas, pero non son a única verdade.

A verdade é que me sinto cómplice de min mesmo e da miña propia mágoa. A maior solidariedade que atopo é a que a

cada hora do día me expreso dende o meu propio desacougo, xa que sei que todo isto do Prestige e a súa sombra, afogou unha parte de min e da miña vida.

Fixera eu, —que nacín terra adentro—, amizade co mar. Elixira un espacio propio para me familiarizar con el. Nel bañábame de inverno e de verán, a súa beira paseaba, buscaba os seus paxaros, lía nos seus brillos, xunto del convocaba ós amigos, para vivir con el educaba ó meu fillo. Sentía a súa dimensión no xogo dos golfinhos, o seu poder nas ondas de primavera e de outono, o seu misterio nas crebas da marea. Aprendín que o mar pode secar, que hai nel carreiros que conducen ó infinito, que hai que saber evitar as penas afogadas, que o mar é un espacio para andar e para vivir e, ás veces, tamén para morrer. Convivía recoecendo dos seus homes, coa fala das súas mulleres, coas cruces da beirada. Fixen romaxe ós seus santos, iniciéime en procesións de caraveles e argonautas [de ollada de auga] embarqueime en travesías, sen outro

obxectivo que o de contemplar a noite e descubrir a luz. Souben da ardora e do cardume, dos polbos dos illotes e da funa do congro. Debuxei unha carta cos seus aires, batínme cos seus ventos. Descubrín orolas, carneiros, cadeluchas, ovos de medusa,

peixes lúa. Intuí que o canto das sereas non é máis que un murmuro de ondas. No calendario marquei o tempo dos ourizos, as mareas da coquina, as horas do robalo. Distinguín betas e miños, trasmallos e volantas, xeitos e palangres. Usei poteiras e

chivos. Participei na danza dos argazos, compartín a caldeirada, medrei coas lendas, coas cantigas, coas palabras.

Pronunciei corvo de mar, gabita, mazarico, volvedpedras, chorlito, paño e carrán, anduriña e mascato, pardela, mobella, alca e arao, e garza, negrón, bilurico, e neses seus voos descubrín o valor da liberdade.

Non, non é o mar o meu traballo nin quen me dá o pan. Non me ergo cada mañá para calzar as botas, vestir o traxe de augas

‘Non, non é o mar
o meu traballo nin quen
me dá o pan. Pero
cambioume a vida’

e ceibar sobre o fondo unha cacea de nasas. Non teño pois dereito a pensión compensatoria e non esmagarei as horas do inverno contra a barra dun bar, contemplando as embarcacións que esmorecen sen razón que as sosteña e sen man que se afirme no leme. Pero cambioume a vida. Esta marea de sombras levouse unha parte de min. Sei que o acontecido é consecuencia dunha cadea de decisións humanas. Sei que esas decisións son discutibles. Sei que por elas derivamos cara o peor escenario posible.

Non pido para min axudas, nin desculpas, nin indemnizacións. Sexan para os que sementan o areal e seituran as ondas, os subsidios e as compensacións económicas, suficientes en importe e tempo. Eu só reclamo solidariedade tamén para comigo e dignidade. A dignidade do cidadán que pide saber, que quere comprender, que pretende albiscar como será o futuro. A dignidade de poder e de saber dicir que non quero que os mesmos que causaron a morte da vida, administren e nos maten a esperanza.

P.D.: Non pido, esixo que se faga política cos desposos de todo canto perdín. ♦